



Unha visión sobre as lectoras e os lectores dos clubs de lectura e o papel da persoa mediadora

VII Xornada dos Clubs de lectura
6 de xuño 2014



Que proporciona a lectura ás nosas lectoras/es?

- “Cada vez que leo un libro é coma se o vivise eu” (Aldara, 1º ESO)
- “Adentrarme en historias, pensar coma os personaxes, entendelos” (Iria, 2º ESO)
- “Viaxar no tempo, coñecer os teus antepasados e nalgúns caso o que podería ser o futuro” (Belén, 3º de ESO)
- “Coñecer personaxes e mundos novos sen levantarme do sofá, vivir experiencias emocionantes” (Tamara 3º ESO)



(... outro xeito de coñecer “xente”)

Que proporciona a lectura ás nosas lectoras/es?

- “Sentir sensacións diferentes que me marcan e fan pensar, cuestionarme o que está preto de min” (Manuel, 1º BAC)
- “O que todos necesitamos para afeccionarnos á lectura é un libro especial, que nos cambie” (Belén, 1º BAC)



Que proporciona a lectura ás nosas lectoras/es?

- “Tranquilidade. Gústame ler con paciencia e sen prása os libros que me gustan” (Sandra, 1º de ESO)
- “Deixar á parte os teus problemas” (lectora 2º ESO)
- “É a miña vía de escape” (Mariña, 2º de ESO)
- “Ás veces estou enfadada e leo e xa non estou tan cabreada... Se te obrigan xa non é tan divertido” (Lectora 2º de ESO)



(... un tratamento moito mellor que o Concerta)

Que proporciona a lectura ás nosas lectoras/es?

Axuda a adquirir competencias:

- “Melloro a lectura” (lector 1º de ESO)
- “Aprendo linguaxe escrita e falada” (lectora 3º de ESO)



Ensinamos pautas para resumir e expoñer un libro.

Porque as nosas lectoras/es decidiron formar parte dun club de lectura?

- “Dixéronme que se pasaba xenial” (Helena, 1º ESO)
- “Ofrecíame a posibilidade de coñecer novos libros e a opinión doutros lectores” (Tamara, 3º ESO)
- “Encóntraste con xente dos mesmos gustos ca ti” (Belén, 3º ESO)
- “Era algo que botaba de menos nas miñas actividades. Unha das miñas grandes paixóns é a lectura, e poder comentar cos meus compañeiros os libros que vou lendo é algo que me encanta” (Mari, nai)



O elemento social, tan importante como a propia lectura

Por que crear un club de adultos?

- Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade escolar
- Compartir inxerencias máis alá do ámbito académico
- Crear un contexto de lectura nas familias que pais e fillos poidan compartir
- “A oportunidade para relacionarnos nais e profesoras noutro contexto diferente do habitual” (Sonia, profe)



Sesión “interxeracional”

Que esperan atopar e/ou atopan as lectoras/es no club de lectura?

- “Aprender un pouco de libros antigos e vellos” (Sandra, 1º ESO)
- “Ler libros clásicos que normalmente non son lidos” (Lectora 2º ESO)
- “Un amplo abano de xéneros que nunca pensei ler, un deles o cómic.” (Belén 1º BAC)
- “As aportacións que fai o grupo son o mellor, aí é cando todos comentamos os aspectos que máis nos chamaron a atención e podo descubrir novos matices que por min mesma non me decataría”. (Ermitas, nai)



Que esperan atopar e/ou atopan as lectoras/es no club de lectura?

- “Realizar outras actividades como escoitar un contacontos” (Mariña, 2º ESO)
- Que todos os membros lean un mesmo libro e despois cada un dea a súa opinión” (Mariña, 2º ESO)
- “Que cada un elixa o xénero que quere ler” (Manuel, 1º BAC)
- “Taer autores, facer un taller de escritura ver películas dun libro despois de lelo...” (Belén 3º ESO)
- “Que se promova escribir literatura” (Manuel, 1º BAC)



Tras a lectura de Maus, [os Papalibros con Ashlei Lauber](#), a nosa lectora de inglés, neta de superviventes do holocausto

Que actividades demandan as lectoras/es? (Ou como chegar a un libro por outros camiños)



- Charlas con autores: [Carlos Negro e poesía por un tubo](#)

Que actividades demandan as lectoras/es? (Ou como chegar a un libro por outros camiños)



- Viaxes: asistencia ao TAC (Teatro y arte de calle) en Valladolid

Que actividades demandan as lectoras/es? (Ou como chegar a un libro por outros camiños)



- Obradoiro de hip hop con Serxio García, de Dios Ke te Crew

Pequenos “éxitos” do club de lectura

PAPALIBROS
club de lectores

IES MELIDE
r/ O Marquiño,
15800 Melide (A Coruña)
Tfno/fax: 981 50 00 00
<http://centros.edu.xunta.es/iesdemelide>
ies.melide@edu.xunta.es

de Melide

Nome: Beeñ
Apelidos: Ayde
Curso e grupo: 3º A
Ano académico: 13/14
O/a director/a: _____
Selo: _____
I.E.S. MELIDE
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

foto

ASOO: _____

TÍTULO: <u>EL ASCENSO DE NUEVE</u> AUTOR/A: <u>PITACUS LORE</u>	TÍTULO: <u>EL NOMBRE DEL VIENTO</u> AUTOR/A: <u>PATRICK ROTHELS</u>
TÍTULO: <u>LA EVOLUCIÓN DE CALPURNIA</u> AUTOR/A: <u>JACQUELINE KELLY</u>	TÍTULO: <u>MANDRAGORA</u> AUTOR/A: <u>LAURA GALLEGO</u>
TÍTULO: <u>LA LADRONA DE LIBROS</u> AUTOR/A: <u>MARIKUS ZUSAK</u>	TÍTULO: <u>HIPATIA LA MAESTRA</u> AUTOR/A: <u>FLORENCI SALESAS</u>

O carné de Papalibros, que se troca por un vale para libros ao acumular seis lecturas

Pequenos “éxitos” do club de lectura

- “Pasamos un bo momento: primeiro comemos un pouquiño, despois collemos un libro que nos guste e poñémonos na herba ou por aí, se vai sol” (Sandra, 1º ESO)
- “Pasamos un anaco agradable gozando do noso paralelo “club gastronómico” (Amparo, nai)
- “Tamén falamos de temas persoais, de actualidade ou simplemente botamos unhas risas con comentarios triviais”. (Mari, nai)



**A fórmula
ocio+lectura+gastronomía...**

Que esperan as lectoras/es da persoa mediadora?

- *“Divertida, que anime a participar á xente máis tímida”* (Lectora, 2º ESO)
- *“Que nos anime a ler cousas novas, pero se non queremos, que non nos presione”* (Carlota, 3º ESO)
- *“Que escoite a opinión dos membros do club e que traballe cos temas que xurdan, desta forma levará o club na dirección que elixan os lectores”* (Manuel 1º BAC)
- *“Unha persoa que transmita entusiasmo e coñecemento sobre os temas que se van tratar”* (Isabel, nai)
- *“Enganchoume o entusiasmo da coordinadora á hora de falar dos libros... pensei que ela e a xente do club poderían contaxirame do pracer pola lectura”* (Sonia, profe)

Quen pode ser mediador?

- Aquel/a lector/a que fai que un libro rule: profesoras/es, alumnas/os, nais, libeiros/as... calquera lector capaz de transmitir o froito da súa lectura ou o seu interese por temas varios
- É quen de achegar libros aos que os lectores/as por si sós non accederían



“Outra cousa que estou a descubrir é o comic, nunca lera novela gráfica e sorprendeume que temas como o holocausto, a guerra civil... impactáronme e emocionáronme máis neste formato.”
(Ermitas, nai)

Libros que “rulan”

- Libros favoritos no día do libro e ademais:

- Triloxías distópicas:

Los juegos del hambre..., Suzanne Collins

Divergente..., Veronica Roth

Delirium..., Lauren Oliver

Soy el número cuatro..., Pittacus Lore

- Sagas Percy Jackson: *El ladrón del rayo*, *El héroe...*, R. Riordan

- Serie *Harry Potter*, J. K. Rowling

- *O clan da loba*, triloxía de Maite Carranza

- *La Ladrona de Libros*, M. Zusak

- *Emily The Strange*, Rob Reger

- Títulos varios de A. Fernández Paz

- Títulos varios de Laura Gallego



Libros que “rulan”

- Títulos varios de Cornelia Funke
- Títulos varios de Albert Espinosa
- *Hora zulú*, Santiago Lopo
- *Nada*, Janne Teller
- *La sombra del viento*, C. Ruíz Zafón
- *Patrimonio, una historia verdadera* Ph. Roth
- *La vida ante sí*, R. Gary
- *Nada*, Carmen Laforet
- *Balzac y la joven costurera china*, Dai Sijie
- *Makinaria*, Carlos Negro
- *Penúltimas tendencias*, Carlos Negro

Cómic

- *Historias de color tierra*, Kim Dong- Hwa
- *Maus*, A. Spiegelman
- *Blankets*, Th. Craig
- *Contrato con Dios*, W. Eisner
- *Los ignorantes*, E. Davodeau- *Lulú, mujer desnuda*, E. Davodeau
- *Magasine Général*, R. Loisel & J. L. Tripp
- *Persépole*, M. Satrapi
- *Barrio lejano*, J. Taniguchi
- *Los surcos del azar*, P. Roca
- ...


Libros que non rulan...

- O 85% das lectoras/as rexeitan ler en galego, por estar a súa competencia lectora moi por debaixo da do castelán.
- Funciona a política de normalización lingüística?



Ler en galego

“É que me gustou tanto, enganhoume de tal maneira que non te dabas conta de que estabas lendo en galego” (Iria, 2º ESO)



Que falla nun club de lectura?

- Soe funcionar mellor nos cursos baixos que nos altos, abandónase por falta de tempo e por non atopar compañeiras/os da mesma idade
- Nos centros vémonos obrigados a participar en moitos proxectos para buscar financiación: contratos programa, plan proxecta, concursos... e moitas veces estas actividades recaen sobre o mesmo alumnado, que participa en varias e ten que repartir o seu tempo.
- Fallan os recursos humanos: en moitos centros o profesorado non ten horas suficientes para poder desenvolver esta tarefa e traballar no equipo de biblioteca.

Obxectivo: non perder lectoras/es



Aínda que non asistan a reunións, o fío invisible da lectura mantenos en contacto co club a través dos mediadores/as